



Concello do Porriño

CONCELLO DO PORRIÑO
TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPALES

DOCUMENTO:

Data inicio de exposición: 07-03-2025

Data final de exposición: 07-05-2025

O Porriño, a de de

Expediente 4292/2024.

ASUNTO: Recurso de reposición interposto por MARÍA CELIA ALONSO GONZÁLEZ fronte a bases da selección e contratación de dous técnicos/as de orientación e prospección laboral para o Programa Integrado de Emprego do Concello de O Porriño 2024/25

DECRETO DE DON MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, ALCALDE DO CONCELLO DO PORRIÑO, (PONTEVEDRA).

ANTECEDENTES

1. En data 22/01/2025 se aprobaron as Bases da selección e contratación de dous técnicos/as de orientación e prospección laboral para o Programa Integrado de Emprego do Concello de O Porriño 2024/25, cuxo obxecto é o seguinte:

“1. Estas bases teñen por obxecto, por razóns de urxencia e inaprazable necesidade, a selección e contratación, de dous/as técnicos/as de orientación e prospección laboral, asimilados ao grupo 2, a xornada completa de 37,5 h./semanais, mediante a modalidade de contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e da inserción laboral, código 405, para a execución do programa de carácter temporal de duración determinada ate o 30 de setembro de 2025, denominado “PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DO CONCELLO DO PORRIÑO 2024/2025”, cuxa execución foi aprobada por Decreto da Alcaldía de data 08-07-2024, a teor do disposto na disposición adicional novena do texto refundido da Lei de emprego, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2015, de 23 de outubro, introducida por Real Decreto-Lei 32/21, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, e en virtude da subvención concedida por resolución da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, de data 30 de setembro de 2024, (expediente núm. TR332A 2024/43), ao abeiro da Orde do 28 de maio de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento TR332A), publicadas no DOG nº 112, de data 11/06/2024.”

2. O día 27/01/2025, co número 2025-E-RE-753 foi rexistrado de entrada no concello de O Porriño escrito presentado por MARÍA CELIA ALONSO GONZÁLEZ no que formula **recurso potestativo de reposición** fronte as referidas bases.

3. De conformidade coas previsións do artigo 118.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Pública, en data 28-01-2025, publicouse, no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, e na páxina web municipal www.oporriño.org, o correspondente trámite de audiencia aos demais interesados en vía dos recursos administrativos de reposición interpostos por Anselmo Táboas Murás e por MARÍA CELIA ALONSO GONZÁLEZ, para que no prazo de 10 días contados desde a súa publicación simultánea puideran alegar o que estimasen oportuno, habéndose presentado (nun trámite dirixido aos demais interesados en vía de recurso que non se manifestaron ao respecto) pola propia recorrente escrito de data 10/02/2025, rexistrado de entrada co número 2025-E-RE-753. no que substancialmente ven a reiterar o xa solicitado no seu recurso de reposición.

4. En data 03/02/2025 mediante Decreto desta alcaldía número 2025-0298 aprobouse a lista provisional das persoas admitidas e excluídas para participar no devandito proceso selectivo, na que a recorrente se atopa como admitida.

MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO (1 para 2)
Alcalde do Porriño
Data de Sinatura: 07/03/2025
HASH: 60c2814c364049cc00a9a81724281



Eduardo Porcasi Fernández (2 para 2)
Secretario Xeral
Data de Sinatura: 07/03/2025
HASH: 341bb0e4e195872f7f7878a0d2648e7



DECRETO
Número: 2025-0715 Data: 07/03/2025

Cod. Verificación: 42HRKJGM7D7TKPLMQW7FN7387
Conexión: <http://tipos.oporriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esP-ublico | Páxina 1 a 3





Concello do Porriño

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO. Segundo os artigos, 39, 98, e 117 da Lei 39/1995, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas os actos administrativos son por regra xeral executivos (en prexuízo das excepcións a esta regra prevista no artigo 98 LPACAP, que non se dan neste suposto), co que a interposición do devandito recurso de reposición contra as citadas bases non suspende a súa executividade.

A interposición de calquera recurso, excepto nos caso que unha disposición estableza o contrario, no suspenderá a execución do acto impugnado (artigo 117 LPACAP). Suspensión que nin sequera foi solicitada pola recorrente coa interposición do recurso.

SEGUNDO. As bases foron informadas favorablemente polo funcionario que suscribe o que implica que cumpren co principio de legalidade e se axustan ao ordenamento xurídico vixente ao recoller o contido mínimo esixido no marco normativo regulador constituído esencialmente por:

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; Real Decreto 364/1.995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado; Real Decreto 896/1.991, de 7 de xuño, polo que se establecen las regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración; Orde APU/1461/2002, de 6 de xuño; no Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, na Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal ó servizo da Administración autonómica de Galicia; lei 31/2022, do 23 de decembro.

TERCEIRO. Con respecto ao escrito presentado pola propia recorrente en data 10/02/2025 (nº 2025-E-RE-753), no que substancialmente ven a reiterar o xa solicitado no seu recurso de reposición, cabe dicir que non ten cabida no devandito trámite de audiencia ao producir unha redundancia innecesaria coa presentación de tal escrito en ambas canles (recurso de reposición e trámite de audiencia en vía de recurso), sen prexuízo de que o solicitado quede resolto con recurso de reposición.

CUARTO. En canto as modificación que se pretende co recurso de reposición procede dicir:

-O contido das bases debe ser fixado pola administración pública, segundo determina o ordenamento xurídico, xa que as bases constitúen o criterios polos que se regula a selección e non son libres, senón que están suxeitas a unha serie de requisitos e condicionamentos legais que no presente caso se tiveron en conta como así queda acreditado co citado informe favorable ás mesmas.

-As bases se complementa coa normativa de aplicación, se cite ou non nas mesmas, pois como quedou dito teñen un contido mínimo e non se pode pretender que recollan todos os supostos que contempla a normativa e que poidan ter relación directa ou indirecta con algún dos seu contidos e se se produce algún baleiro se debe recorrer a norma correspondente de aplicación, a

DECRETO
Número: 2025-0715 Data: 07/03/2025

Cod. Validación: 42HRKJGM7DTKPLMQW7FN7397
Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3





Concello do Porriño

-A situación de discapacidade nos aspirantes dá dereito a competir cos outros en situación similar pero non outorga preferencia ou valoracións privilexiadas; e se se presentan aspirantes co discapacidade, aínda que as bases non digan nada expresamente ao respecto lle será de aplicación Real decreto lexislativo 1/2013, Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño pola que se establecen criterios xerais para adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade, e Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade e demais normativa de aplicación.

-Os procedemento de abstención e recusación dos membros do tribunal xa están regulados na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector Público que se cita na base oitava.

-As bases recorridas regulan un procedemento de selección áxil e abreviado, usado polas Administracións en seleccións de persoal temporal, no que haxa celeridade para dar cumprimento a uns prazos preclusivos establecidos por outras Administracións, neste caso pola Consellería de Emprego, na Orde do 28 de maio de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia (DOG 112 de 11/06/2024), e na Resolución da Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego de data 30/09/2024 de concesión da subvención solicitada ao abeiro da devandita orde por un importe total de 220.000,00 € para leva a cabo o *"PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DO CONCELLO DO PORRIÑO 2024/2025"*.

-A lexislación non establece os criterios concretos que se poidan valorar en fase de concurso nin a ponderación atribuíble a cada un deles, quedando, por tanto, o seu establecemento á discrecionalidade de cada administración dentro da súa autonomía e as súas potestades de auto organización, por iso este concello nas bases que se recorren estableceu os criterios concretos que deban rexer a selección de forma que quedase garantido o libre acceso ao mesmo, realizando a selección con criterios obxectivos e en condicións de igualdade e transparencia.

SENGUNDO. Este órgano administrativo é competente para resolver o recurso de reposición interposto de conformidade co disposto no artigo 123 da Lei 39/1995, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Pública en harmonía co artigo 209 do Real Decreto 2.568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En base aos anteriores antecedentes e fundamentos de dereito, esta Alcaldía de conformidade co informe do secretario que consta no expediente,

RESOLVE

1º Desestimar o recurso potestativo de reposición interposto por MARÍA CELIA ALONSO GONZÁLEZ mediante escrito número 2025-E-RE-753 de data 27/01/2025.

2º. Notificar esta resolución ao recorrente e publicala no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño e de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporriño.org

Así o manda e asina dixitalmente no Porriño na data indicada á marxe.

DECRETO
Número: 2025-0715
Data: 07/03/2025

Cod. Validación: 42HRKJGM7D7TKPLMQW7FN7397
Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3

